

PROBAS DE AVALIACIÓN DO BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE

ORIENTACIÓNS PARA A MATERIA “LATÍN II”

Curso 2016-2017

Tendo en conta a situación excepcional na que se vén desenvolvendo todo o proceso no presente curso, o grupo de traballo acordou propoñer para o curso 2016-2017 un modelo de proba para a materia “Latín II” que, adaptado á nova normativa, sexa o máis similar posible ao modelo de proba utilizado nas PAU dos últimos cursos.

En consecuencia, a proba contará coas mesmas catro partes das probas anteriores, aínda que agora denominadas de acordo coas especificacións da Orde ECD/1941/2016. Manteranse en cada unha das partes os mesmos contidos obxecto de avaliación, salvo na parte 4, na que se eliminan as lecturas de textos literarios concretos. Manteranse tamén para este curso as mesmas porcentaxes de ponderación asignadas a cada unha das catro partes, dado que a mencionada Orde establece que a distribución de porcentaxes que alí se indica é orientativa. Continuará habendo dúas opcións diferenciadas polo texto proposto para tradución en cada unha delas: Eutropio na opción “A” e Fedro na opción “B”.

Estas serán, pois, a estrutura da proba e a distribución de puntuación relativa asignada a cada parte e a cada pregunta (véxase o modelo de exame que acompaña esta circular):

PARTE 1: TEXTOS (ata 6 puntos)

1. Tradución dun fragmento dun texto latino da obra de Eutropio ou da obra de Fedro.

Haberá que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa e equivalente na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente. Poderase utilizar un dicionario de latín, incluído o apéndice gramatical que poida levar anexo ese dicionario.

PARTE 2: MORFOLOXÍA E SINTAXE (ata 1 punto: ata 0,5 cada pregunta)

2. Análise morfolóxica das palabras dun fragmento sinalado no texto proposto para tradución.

Haberá que identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades propostas e indicar os accidentes gramaticais de cada unha delas.

3. Análise sintáctica dun fragmento sinalado no texto proposto para tradución.

Haberá que explicar as estruturas sintácticas que haxa no fragmento e as funcións de cada un dos elementos que integran esas estruturas.

Para as dúas preguntas admítase calquera método de análise que sexa correcto.

PARTE 3: LITERATURA LATINA (ata 1,5 puntos)

4. Descrición das características principais dos xéneros literarios latinos e explicación dos autores e das obras máis representativos.

Propoñeranse dúas preguntas e haberá que responder só a unha delas.

Neste curso serán obxecto de avaliación exclusivamente os seguintes xéneros e autores:

- a) Teatro. Plauto
- b) Oratoria. Cicerón
- c) Historiografía. Livio.
- d) Épica. Virxilio
- e) Lírica. Horacio

PARTE 4: LATÍN ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO (ata 1,5 puntos: ata 0,75 cada pregunta)

Haberá que responder soamente a dúas das tres preguntas propostas. Para as dúas últimas preguntas continuarase utilizando este curso a listaxe publicada na páxina web da CIUG para anos anteriores.

5. Explicación de procedementos de derivación e composición produtivos en latín e dos seus resultados na lingua galega ou castelá.

6. Explicación do significado de locucións ou expresións latinas e exemplificación en contextos adecuados.

7. Comentario etimolóxico de topónimos.

Santiago de Compostela, xaneiro 2017

Xosé Carracedo Fraga

Director do grupo de traballo